

Programa “Cooperamos” 2014

¿Cal é a finalidade deste programa?

Co obxecto de facilitar a realización das actividades de promoción do cooperativismo, os centros educativos poderán participar no programa “Cooperamos” organizado pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas.

A través deste programa os centros poderán recibir asesoramento e apoio técnico para as labores divulgativas e elaborar os traballos para participar no certame Cooperativismo no Ensino convocado pola Orde do 12 de febreiro de 2014 (DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2014).

¿Quén pode participar?

Os centros educativos de Galicia de Educación Infantil, Primaria, Secundaria obrigatoria e Formación Profesional que precisen apoio para a realización das actividades de promoción do cooperativismo e que participen coa presentación de traballos no Certame Cooperativismo no Ensino.

¿En que consiste o programa?

A través do programa “Cooperamos” os centros educativos terán a súa disposición os servizos de apoio e asesoramento técnico para a realización de actividades divulgativas e formativas, que sirvan de orientación e respaldo con medios materiais e técnicos, para consolidar as solicitudes de participación no referido certame.

Existen medios e ferramentas didácticas nos recursos educativos da páxina web do Consello Galego de Cooperativas:

<http://www.cooperativasdegalicia.com/educacion/index/htm>

¿Cómo participar no programa?

Os centros poderán presentar a súa solicitude a través da páxina web www.cooperativasdegalicia.coop, onde poderán tramitar a súa inscrición.

- Denominación completa do centro
- Enderezo
- Localidade

- Código Postal
- Teléfono do centro
- Correo electrónico
- Persoa de contacto
- Teléfono da persoa de contacto
- Estudos que cursan os alumnos aos que se dirixe a actividade divulgativa para a que se solicita apoio:
 - Infantil
 - 1º e 2º primaria
 - 3º e 4º primaria
 - 5º e 6º primaria
 - 1º ciclo E.S.O.
 - 2º ciclo E.S.O.
 - Formación profesional

¿Cal é o prazo para a presentar a ficha de inscrición?

Xa está aberto o prazo de presentación de solicitudes. O prazo para presentar as fichas de inscrición rematará transcorrido un mes dende a publicación da Orde do 12 de febreiro de 2014, pola que se procede á convocatoria do Certame Cooperativismo no Ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia para o ano 2014 (DOG nº 35, do 20 de febreiro de 2014).

¿Cales son os criterios de selección de participación?

A selección das solicitudes farase por rigoroso orde de inscrición, ata esgotar a capacidade de atención prevista no programa para os distintos niveis educativos.

¿Onde me poden solucionar algunha dúbida?

Chamando ao teléfono 881 999 268 de luns a venres en horario de 9 a 14 horas ou no correo electrónico: consellolegodecooperativas@xunta.es